

Referencia da Praza:	LA2408-X05-189-PI-NA-01
Tipo de Praza:	Lista de Agarda
Área de Coñecemento:	Didáctica da Expresión Musical (189)
Departamento:	Didácticas Especiais (x05)
Sede actuación da comisión:	Facultade Ciencias da Educación e do Deporte. Pontevedra

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN

En Pontevedra o día 9 de xuño de 2025 constitúese a comisión arriba indicada coa asistencia de:

Presidente/a: Sara Domínguez Lloria

Secretario/a: Susana Blanco Novoa

Vogal: Diego Alonso Fernández

Como membro con voz e sen voto, designado/a pola representación das e dos traballadores: Sen designación.

CRITERIOS DE VALORACIÓN

Reunida a comisión correspondente, constituída polas persoas que se relacionan na Acta de Constitución acordouse por unanimidade establecer os seguintes criterios de valoración, que complementarán o baremo (Anexo I) á hora de valorar e puntuar os méritos (en número máximo de 10) que presenten as persoas candidatas segundo o recollido no Anexo V:

Titulación(s) básica(s): Grao en Educación Primaria (mención en música) e Titulación Superior de Música: especialidades instrumentais/interpretación e pedagogía

Titulación(s) afín(s): Grao ou equivalente en Musicoloxía, Música, Ciencias da Música, outros Títulos Superiores de Música (especialidades non mencionadas nas titulacións básicas).

Área(s) Afín(s): Área de coñecemento propia (obxecto de concurso): Didáctica da Expresión Musical (Educación Musical) Historia da arte; Área de Música.

1. TITULACIÓN / FORMACION ACADÉMICA

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 %.

- a) Expediente académico na Diplomatura/Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas. Entenderase incluída aquí a titulación universitaria requirida para optar á praza.

Matrícula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

Valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical). No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5.

- b) Premio Extraordinario de Licenciatura/Grao/Enxeñaría ou equivalente: 0,5 puntos

- c) Expediente académico no Mestrado: nota media do expediente. A suma dos puntos (entre paréntese) acadados dividirase polo número total de convocatorias consumidas

Matricula de Honra (4), Sobresaliente (3), Notable (2), Aprobado (1)

O mestrado valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical) ou relacionados coa Didáctica xeral, Innovación Educativa ou Pedagogía. No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5.

- d) Premio Extraordinario de Mestrado: 0,5 puntos

Haga clic o pulse aquí para escribir texto.

- e) Tese de Doutoramento

Sobresaliente "cum laude"(ou Apto "cum laude") (4), Sobresaliente (3), Notable (ou Apto) (2), Aprobado. (1)

A tese de doutoramento valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical). No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5.

- f) Premio Extraordinario de Doutoramento: 0,5 puntos

O premio extraordinario de doutoramento valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical). No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5.

- g) Outros cursos de especialización: máx. 1 punto

Cursos de máis de 250 horas ou titulacións propias expedidas por universidades (mínimo 60 créditos) valoraranse en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical). No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5.

- h) Outros méritos académicos: máx. 1 punto

Titulos Profesionais de Música, outras Titulacións Superiores ou Universitarias de Música diferentes á de acceso e Titulacións Oficiais de Idiomas.

2. EXPERIENCIA DOCENTE

A puntuación dos subapartados correspondentes:

- ✓ No caso de correspondencia coa área de coñecemento obxecto de concurso, valorarase no seu valor máximo: 100%.
- ✓ No caso de titulacións e áreas afíns, valorarase ao 50%.
- ✓ No caso de titulacións/áreas non afíns, valorarase coa seguinte porcentaxe: %.

Nos casos de docencia inferiores a un ano procederase ao rateo da puntuación.

- a) Docencia universitaria:
- I. 1 punto por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo.
 - II. 0,5 punto por cada ano en réxime de dedicación a tempo parcial.
- Valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical). No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5
- b) Docencia non universitaria:
- I. 0,250 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo completo (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
 - II. 0,125 puntos por cada ano de docencia en réxime de dedicación a tempo parcial (no caso de que a Comisión Específica de Área acorde considerar esta actividade como experiencia profesional non se valorará neste apartado).
- Considerarase docencia non universitaria a docencia en Educación Primaria (na anteriormente chamada "Educación artística: Educación Musical", hoxe chamada área "Música e Danza"), en Educación Secundaria (no departamento de "Música"), en Conservatorios e en Escolas de Música. A docencia en Educación Infantil e Primaria xeneralista considérase afín.
- c) Acreditación de formación pedagóxica regulamentada: ata 1 punto.
- Curso de Adaptación Pedagóxica (CAP) ou Máster de Formación do Profesorado na especialidade de Música.
- d) Cursos de formación docente recibidos: 0,2 puntos por cada 100 h de docencia recibida, ata o máximo de 1 punto
- Valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical) ou relacionados coa Didáctica Xeral, Innovación Educativa ou Pedagogía. No caso de non tratar estas cuestións aplicarase un factor corrector de 0,5. Estes cursos deberán estar certificados polas Universidades ou a Consellería de Educación ou entidades semellantes.
- e) Cursos de formación docente impartidos: 0,2 puntos por cada 20 h de docencia impartida, ata o máximo de 1 punto
- Valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical) ou relacionados coa Didáctica Xeral, Innovación Educativa ou Pedagogía. No caso de non tratar estas cuestións aplicarase un factor corrector de 0,5.
- f) Participación en proxectos de innovación docente: 0,2 puntos ata o máximo de 1 pto
- Valorarase a relevancia do proxecto tendo en conta que sexa de concurrencia competitiva, a súa dotación económica e as publicacións derivadas.

3. EXPERIENCIA LABORAL E INVESTIGADORA

Valorarase a experiencia laboral ou investigadora que se axuste ao perfil definido na convocatoria da praza.

- ✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 50%.
- ✓ Calquera outra experiencia laboral ou investigadora non relacionada coa área, valorarase coa seguinte porcentaxe: 0 %.

Nos casos de contratos a tempo parcial ou por períodos inferiores a un ano procederase ó rateo da puntuación.

- a) Actividade laboral que require título universitario: ata 0,5 puntos por ano. *(entenderanse aquí tamén incluídos os contratos de investigación, bolsas FPI/FPU ou equivalentes). A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.*

Valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical). No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5.

- b) Actividade laboral que non require título universitario: ata 0,05 puntos por ano. A persoa candidata terá que demostrar de xeito fehaciente a relación da actividade laboral desempeñada coas materias da área da lista de agarda á que se presenta.

Valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical). No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5.

- c) Publicacións investigadoras: a persoa candidata elixirá a publicación de maior relevancia que poderá ser valorada con un máximo de ata 1 punto.

Valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical). No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5. Teráanse ademais en conta os indicios de calidade propios da cuantificación investigadora, o tipo de publicación (artigo/capítulo) e os indicios de calidade.

- d) Proxectos de investigación: a persoa candidata elixirá o proxecto de maior relevancia que poderá ser valorado con un máximo de ata 1 punto.

Valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical), ou relacionados coa Didáctica Xeral, Innovación Educativa ou Pedagogía. No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5.

- e) Outros méritos (bolsas de colaboración, estadias de investigación, actividades de investigación ou transferencia, cursos de investigación recibidos, etc.): ata 1 punto.

Valorarase en función da afinidade coa área de coñecemento propia (Didáctica da Expresión Musical - Educación Musical), ou relacionados coa Didáctica Xeral, Innovación Educativa ou Pedagogía. No caso de áreas afíns aplicarase un factor corrector de 0,5. Por exemplo: participación en congresos con presentación de comunicación en eventos científicos, organización de congresos e coordinación de simposios e mesas redondas, ser membro dun grupo de investigación, ser membro dun grupo de innovación docente, estadias de investigación, etc.

OBSERVACIÓNS ADICIONAIS

Non se contemplan

Pontevedra , 9 de xuño de 2025

Presidente /a
Asdo:
voto)

Secretario / a
Asdo:

Vogal
Asdo:

De ser o caso,
Rep. Trab. (con voz e sen

Asdo: